

**<u>Sistemas agrarios tradicionais:</u>**

Características:

1. Emprego de ferramentas sinxelas.
2. Gran dependencia dos factores físicos.
3. Utilización de animais de tracción
4. Escasos rendementos
5. Autoconsumo






# *SISTEMAS AGRARIOS TRADICIONAIS*

## 1.Agricultura itinerante de estivada



**Localización**: Amazonas, África ecuatorial e no Sueste asiático
**Consiste**: na tala e na queima, co propósito de obter pequenos campos nos que se cultivan alimentos (mijo).
**Caracterízase** por manter o equilibrio co medio no que se desenvolve.

## 2. Agricultura extensiva de secaño

**Localízase** nas sabanas de América, África e Asia.
**Baséase** na asociación de actividade agrícola e gandeira. O abono dos animais permite a rotación dos cultivos.
**Técnica de cultivo:** as terras divídense en tres partes. Nunha cultívase cereal, noutra millo e a terceira queda en barbeito (sen cultivar, para recuperar a fertilidade do solo).



# <u>3. Agricultura irrigada monzónica</u>

**Localización**: países da Asia monzónica, como o Vietnam e mais Camboxa.
**Baséase no monocultivo de arroz**.
**Técnica de cultivo**: parcelas pequenas rodeadas de diques e comunicadas por canles que as inundan de auga.
Mecanización escasa.
Varias colleitas ao ano.



# SISTEMAS AGRARIOS EVOLUCIONADOS

## 1. Agricultura comercial:

**Localización**: certas áreas dos **Países Novos**, dalgunhas costas tropicais e de Europa.

**Características**:

Emprega avances tecnolóxicos e mecanización.

A súa produción agraria é masiva e especializada nos produtos máis adecuados.



## 2. Agricultura dos países novos:

**Localización:** América e Australia (países colonizados por europeos).

**Paisaxe agraria:** parcelas de gran tamaño e forma regular. Produtos especializados en función do clima.

**Técnicas:** avanzadas. Produción masiva destinada ao mercado. Escasa man de obra.





# 3. Agricultura de plantación:

**Localización:** áreas costeiras de clima tropical húmido de América Central e do Sur. Sueste de Asia.

**Paisaxe agraria:** enormes parcelas dun só cultivo de empresas multinacionais (banana, piña, café, cacao..)

**Técnicas avanzadas.** Sementes selecionadas, fertilizantes, praguicidas.

Abundante man de obra asalariada.








**Agricultura ecolóxica:** utiliza técnicas respectuosas co medio, polo que **non emprega produtos químicos**. Recorre aos fertilizantes orgánicos e á rotación de cultivos para evitar o desgaste do solo, e combate as pragas mediante métodos naturais.  A produción é moderada e máis cara, pero máis variada e de maior calidade.



# A GANDERÍA

**Gandería extensiva:** o gando pasta ao aire libre en grandes extensións. Require escasos investimentos en man de obra e capital.



**Gandería intensiva:** o gando refúxiase en cortes e aliméntase total ou parcialmente con pensos. Esixe elevados investimentos en instalacións, selección de razas, tecnoloxía, alimentación e coidados veterianarios.



## Sistemas gandeiros tradicionais

**Investimentos:** invístese pouco en maquinaria e coidados veterinarios.

**Adaptación ao medio**: explotación pequenas, de tipo familiar e críanse animais de curral e de pasto, con razas autóctonas.

**Trato aos animais:** críanse razas autóctonas. Os animais pacen nas terras marxinais e nos barbeitos.





# Sistemas gandeiros evolucionados:

**Grandería produtivista:** procura obter a máxima produción para vendela no mercado.

**Investimento:** realizan elevados investimentos en instalacións, automatización das tarefas, alimentación dos animais…

**Adaptación ao medio:** Nuns casos é **extensiva** (cría ao aire libre) e noutros **intensiva** (gando estabulado alimentado con pensos, seleccionado xeneticamente…

**Trato aos animais:** cambio en función de se é extensiva ou intensiva. Na intensiva o trato aos animais non é respectuoso.



## Gandería ecolóxica:

**Investimento:** precísase dun investimento inicial para crear a explotación.

**Adaptación ao medio:** Explotacións pequenas e familiares. Emprega sistemas **semiextensivos**, non alimenta o gando con pensos, non utiliza a estabulación, limita a medicación e cría razas autóctonas.

**Trato aos animais**: críanse ao aire libre e é respectuosa co medio e co benestar animal.




https://www.epdata.es/datos/situacion-bosques-mundo-espana-datos-graficos/330

# A PESCA. A utilización do mar:

**Definición**: actividade destinada a obter produtos do mar. Proporciona alimentos ás persoas e materias primas á industria, como conservas, conxelados….

**Caladoiros**: zonas con maior abundancia de nutrientes e onde se concentra a fauna mariña.



https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2018/04/21/pontevedra-provincia-empleo-pesca-cadiz-mayor-paro/0003_201804G21P36992.htm

## Sistemas de pesca:

**Segundo o lugar onde se practica** e a súa duración: **baixura** (próxima ao litoral e diaria); de **altura** (afastada da costa e de días ou semanas de duración) e de **grande altura**, realizada mar a fóra durante varios meses.



**Segundo o nivel de desenvolvemento tecnolóxico das embarcacións:**

**Pesca artesanal:** utiliza barcos pequenos, tecnoloxía tradicional e escasa man de obra.

**Pesca industrial:** utiliza barcos-factoría de gran tamaño, tecnoloxía moderna (radar, sonar) e numerosa man de obra.

[https://www.youtube.com/watch?v=p4u8PkGqmmM](https://www.youtube.com/watch?v=p4u8PkGqmmM)




**PESCA ARTESANAL:**

1. Utiliza pequeñas embarcaciones y herramientas sencillas, como cuerdas, cañas y redes pequeñas.
2. Se lleva a cabo a poca distancia de la costa y el volumen de extracción es reducido en comparación a la pesca industrial.
3. Las especies extraídas son casi siempre desembarcadas en puertos menores y caletas siendo destinadas en gran parte al consumo humano directo

**PESCA INDUSTRIAL:**

1. Emplea embarcaciones de mayor capacidad
2. recorren grandes distancias desde la costa, 20 a 100 millas.
3. Los productos obtenidos están destinados al consumo humano indirecto por haber sido transformados en harina

**Observación e análise**

a. En canto aos elementos naturais da fotografía:

- O relevo da zona é chairo con algunhas montañas ao fondo. É unha zona de extensa chaira.
- Non hai cursos de auga e parece un lugar onde escasea.
- A vexetación natural é apenas inexistente; é unha paisaxe árida na que non hai árbores nin plantas e só se ven algúns arbustos.
- O clima da zona debe ser cálido e seco, con poucas precipitacións e altas temperaturas. Un clima de tipo desértico, moi árido.

b. Os elementos humanos que se poden observar son:

- As parcelas cultivadas son grandes, teñen forma circular, sen límites físicos, e úsanse para a agricultura.
- Pódese observar que as plantas que se cultivan son herbáceas.
- Os sistemas de cultivo son:
  - Monocultivo, xa que as parcelas están ocupadas por un só cultivo.
  - Hai un aproveitamento intensivo do chan.
  - É un cultivo de regadura por aspersión, no que o sistema de regadura actúa de forma circular, de aí a forma das parcelas.

– A maquinaria utilizada está evolucionando xa que o sistema de regadura é moderno e para traballar esta superficie é necesaria unha importante mecanización.

- Vese moi pouca poboación, algunha construción dispersa a carón dos campos.
- Como usos non agrícolas, pódese observar a existencia de estradas e camiños que comunican os campos e canalizacións de auga para abastecer o rego.

**Interpretación e clasificación**

Nesta zona agrícola a agricultura é extensiva, con campos abertos dedicados ao monocultivo de plantas herbáceas, probablemente cereais. Para facer medrar as plantas utilízase un sistema de regadura que funciona automaticamente de forma circular, polo que as parcelas teñen esta forma. O desenvolvemento da agricultura nunha zona tan árida só é posible cunhas técnicas moi avanzadas e cunha gran mecanización, polo que se trata dunha paisaxe que pertence a un sistema de mercado agrario evolucionado, concretamente á agricultura extensiva nos "países novos" xa que se sitúa nos Estados Unidos.

**Leñosas**: capaces de producir madeira.